Representación d' *O achado do castro*, de Manuel Núñez Singala

A peza de máis éxito no teatro escolar galego

Velaquí o cartel anunciador da obra O achado do castro, con todo o elenco de actores e actrices.

O noso alumnado montou esta obra de Manuel Núñez Singala que figura entre as preferidas nas escolas galegas. Trátase dunha comedia que nos leva á Roma antiga e na que os personaxes falan un "latín" un chisco especial. Aparecen en escena un emperador, soldados, filósofos barbudos..., e os dous protagonistas dunha historia de amor, Manolitus e Carmiñae.

TEXTO

O achado do castro

de M. Núñez Singala

(Recollemos só uns retrincos)

ESCENA PRIMEIRA

O decorado representa o clareiro dun bosque, co toro dunha árbore no centro da escena e, ás súas beiras e situados un pouco máis atrás, dous arbustos. Escóitase o piar dos paxaros fundido co "Aleluia" de Haendel. Entra en escena o presentador e di:

PRESENTADOR: Bos días, señores e señoras, distinguido público e o resto. A obra que imos representar hoxe foi escrita aló polo ano setenta e sete antes de Cristo. Trátase dunha obra totalmente inédita xa que o manuscrito no que estaba non se deu a coñecer ata hoxe, nesto acto teatral que fai que a vida cultural de todo o mundo estea centrada na nosa cidade. A obra en cuestión apareceu hai uns anos nunha escavación dun castro próximo á nosa cidade. Aínda que polo de agora non se explicase claramente que facía unha obra latina dunha época temperá nun castro celta, quizais sexa unha proba máis da paixón polo teatro dos habitantes da antiga Gallaecia.
Foi moi laborioso traducir o texto latino; laborioso foi asemade a súa reconstrución xa que o manuscrito non estaba completo e o autor non debía ser moi bo. Foron varios anos de esforzos continuados de paleógrafos, latinistas e chupatintas de prestixio universalmente recoñecido os que deron como resultado a versión definitiva que hoxe temos a honra de lles presentar. Trátase, como digo, dunha obra incompleta, con lagoas no texto que non puidemos encher sen terxiversarmos o seu espírito dramático, isto fará necesaria a miña presenza en certas ocasións para lles explicar pasaxes escuras. E agora, sen máis, imos dar paso á representación. Intentarei presentarlles os personaxes da obra adiantándolles brevemente a súa caracterización xa que o autor non o fai de xeito suficiente. Vexamos, os personaxes son:
Preséntanse por parellas e estes van entrando en escena polos lados dereito e esquerdo da mesma ao pronunciar o presentador os seus nomes. Quedan de pé á súa beira.

CATULO e CALENO: Son dous ladróns; aquí o autor acóllese ao tópico do listo e do parvo; Catulo é o listo e Caleno o parvo, ou non!, Catulo o parvo e Caleno o listo; perdón, engánome, Catulo o lis ... ben!, deixémolo en que son bastante parvos os dous.
OS DOUS SOLDADOS: Como poden observar, un deles é unha muller; este é quizais un dos maiores méritos da obra pois, demostrando que os romanos xa tiñan mulleres nas súas lexións, bota por terra que fosen os americanos os primeiros en incorporalas ao exército.
CARMIÑAE e MANOLITUS: Son os típicos namorados de calquera historia de amor. Eles ámanse dende sempre aínda que os seus pais se apoñan ao seu amor. O tratamento amoroso deste xeito verémolo máis adiante na historia da literatura; o mesmo Shakespeare co seu Romeo e Xulieta probablemente se inspirase nesta obra, seguramente por mor doutro manuscrito que el atoparía nalgún castro perdido da súa Gran Bretaña. Aí queda traballo para investigacións filolóxicas.
EMPERADOR e ARPEXIA: O primeiro é o César, xefe máximo do Imperio, pai de Carmiñae. A segunda é a máis rica comercianta do Imperio, propietaria da metade de Roma, xerente de consorcios financeiros, directora xeral de monopolios americanos, con empresas establecidas por todo o mundo coñecido e descoñecido; é a nai de Manolitus.
CITRÓN e ESCRAVO: Citrón é o sabio máis sabio de todos os sabios do Imperio; está para adular o Emperador, e faino baixo a continua ameaza de que o coman os crocodilos. O Escravo é o servidor máis próximo do Emperador; foi apresado nunha batalla romana nos campos africanos.
Ao rematar a presentación os personaxes marchan todos, menos Catulo e Caleno que sentan no chan ao redor do toro da árbore e quedan completamente inmóbiles. O PRESENTADOR continúa a falar:
Ben, e agora que teñen unha mínima idea da obra, o mellor é comezar sen máis dilación. É o meu desexo que a representación sexa do seu agrado.

(Segue na páx. 24)

(...)
Entra en escena MANOLITUS que non ve os SOLDADOS. Vén moi ben vestido e ledo, trae na man un ridículo ramallo de flores.

MANOLITUS: Oh, miña amada! Oh, miña adorada Carmiñae! Adoezo por verte! Por collerte nos meus brazos! Devezo por terte sempre ao meu pé! Aínda que sempre; sempre, tamén sería un noxo. Morro por bicar os teu beizos! Adorada Carmiñae!, que como todas as mulleres chegas tarde ás citas. Quérote máis que aos sestercios! Como tarda esta muller, pero claro, aínda non temas reloxos dixitais; pero eu ao meu. Ah, Carmiñae! Flor entre as flores! Beleza sen igual! Es un sol! Es unha brasa que me abrasa! Es unha teima que me queima! A túa fe mosura é o lume que mantén acesa a fogueira do meu corazón! Os teus ollos son dous tizóns que me derreten coa mirada! A túa presenza desprende luz e calor!, e con todo isto non quera insinuar que andes quente. Es tan fermosa como inaccesible! Por que se apoñen os nosos pais ao noso amor? Por que non podemos amarnos coma calquera persoa normal? Por que este vivir coma no gume dun coitelo? Por que direi tanto "por que"? Por que nos temos que ver sempre ás agachadas, no monte, coma cabras, expostos decote a que os soldados de teu pai nos descubran? Por certo, aínda non nos pillaron nunca; eu cheira os soldados a mil cóbados de distancia; aínda non naceu o soldado que se achegue a min sen eu decatarme.
SOLDADO 2: (Asomando e escondéndose.) Vaiche boa!
MANOLITUS: Eh ... ? Pareceume

A editorial Sotelo Blanco tirou do prelo esta obra por primeira vez en 1991. No ano 2014, Galaxia preparou unha nova edición revisada polo autor.

oír unha voz ... Serán os deuses que queren responder as miñas preguntas?, será a miña amada Carmiñae que chega?, será ... ?, que será?
SOLDADO 2: (Asomando e escondéndose.) Serei burro! Mira que sentar derriba dun ourizo!
SOLDADO 1: Serás besta! Cala ha, que se vai decatar.
MANOLITUS: Valva oír voces; sen dúbida son os deuses que queren falarme dela. Dicídeme deuses: que teño que facer para que nos poidamos amar libremente? (Pausa.) Que amaño pode ter todo isto? (Pausa longa.) Non falades? Pois mellor, que ás veces cando lles dá por falar non hai quen os ature.
CARMIÑAE: (Entrando.) Manolitus! Meu amado!
Corren un cabo do outro para abrazárense.
MANOLITUS: Carmiñae!, Carmiñae!, Carmiñae! Por fin xuntos e sós! Estamos por fin xuntos e sós nesta natureza salvaxe, sen vixilancia, sós, ca bosque como única testemuña.
CARMIÑAE: Si, sós, por fin sós.
(...)

Mentres CALENO pon a roupa de CITRÓN, CATULO lévao fóra da escena. O novo sabio -CIT / CAL- recolle os papeis do rolo, míraos dándolles varias voltas e nisto está cando entra o Emperador.

EMPERADOR: (Entrando.) Que alivio! Que peso tirei de enriba! (Acomódase.) Podes continuar coas poesías.
CIT/ CAL: As poesías?
EMPERADOR: Si, as poesías.
CIT/ CAL: Ah!, as poesías! (Pausa.) Que poesías?
EMPERADOR: Pareces parvo, os Epigramas de Marcial que me estabas a ler antes.
CIT/ CAL: As poesías de ... ? Ah!, as poesías!
EMPERADOR: Si home si, as poesías.
CIT/ CAL: (Nun sopro de voz.) As poesías.
EMPERADOR: Nótote raro, pásache algo?
CIT/ CAL: A min?
EMPERADOR: (Baixa do triclinio e dá unha volta arredor del, inspeccionándoo.) Si, a ti, estás como máis na verza que de costume. (Completa a inspección e senta de novo.) Serán figuracións miñas.
CIL/CAL: (Seca a suor) As poesías.
EMPERADOR: Veña, le.
CIT/CAL: Istooo ... Polo rius abaixus vai unha troitae de pé, é dicir: Ulises que me dises (Pausa.)
EMPERADOR: Si, moi ben, pero segue lendo, para que paras?, sigue.
CIT/CAL: (Máis confiado.) O gatus maragatus estabae no telladus, é dicir: O barbeiro de Sevilla depilou-me a canilla.
(Mira para o EMPERADOR e, ao ver que non se inmuta, continúa a ler.) Magis vale semper tarde ca nuncae, é dicir: Abride a porta, me cago en diola, que teño présa. Tururú tututurú, tururú tutut, turururru, é dicir: Chupa do frasco, Carrasco, que me dás asco.

ESCRAVO:(Entrando.) Emperador, a túa filla e mais o Manolitus xa están aquí.
EMPERADOR: Fainos pasar.

O achado do castro, de Manuel Núñez Singala

FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA

Elenco:

Presentadoras ..... LÍA ANDRÉS (2º ESO-B)
PILAR IGLESIAS (2º ESO-C)
Emperador ..... asumido por RAQUEL CASTRO
Manolitus ..... NOEL GONZÁLEZ (3º ESO-B)
Carmiñae ..... LUCÍA RODRÍGUEZ (3º ESO-B)
Escravo ..... ISRAEL DA SILVA
Soldado 1 ..... MIRIAM VILA (4ºESO-A)
Soldado 2 ..... SAMUEL LEMOS (3ºESO-B)
Catulo ..... IVÁN GÓMEZ (3º ESO-B)
Caleno ..... JOSÉ FERNANDO IGLESIAS (1ºESO-C)
Citrón ..... NICOLÁS CONDE (1ºESO-A)

Coordinación, música e vestiario ..... Raquel Castro

O Escravo achégase á porta por onde entran os Soldados 1 e 2 custodiando o Manolitus e á Carmiñae, o primeiro con visibles ganas de ouriñar.
CARMIÑAE: Papá, estes dous soldados teus apresáronme e trouxéronme aquí pola forza.
SOLDADO 2: Mentira, pola foza non, pola Vía Apia.
MANOLITUS: (Con carraxe.) Es incriblemente soldado.
EMPERADOR: Silencio! (Ao Manolitus.) Ti quen es?
MANOLITUS: Eu son eu.
EMPERADOR: Xa, non ías ser unha pita.
MANOLITUS: Eu son o Manolitus, filIo da Arpexia; estou namorado da túa filIa e ... , e ... , e teño ganas de ... *(Fai un xesto significativo.)*
EMPERADOR: (Ríndose amable.) Así que es o Manolitus, fillo da Arpexia, estás namorado da miña filla e tes, se non entendín mal ... *(Fai o mesmo aceno significativo.)* Isto ten tododoada solución, rapaz. *(Violento de súpeto.)* Soldados, metédeo na maseira e que o coman os crocodilos!!
CARMIÑAE: Espera papá; se o matan a el os crocodilos, eu quero morrer á súa beira.
EMPERADOR: Agardade, soldados! (Á Carmiñae.) Ti falarás en broma, non?
CARMIÑAE: Nunca na miña vida falei tan en serio, papá.
EMPERADOR: Isto é grave. Ah, os amores dos rapaces de hoxe! Xa non hai respecto polos pais, queren namorarse de quen lles apetece e non de quen lles mandan; o mundo vai mal, vai cada vez peor, que podo facer? Sabio, ti que me aconsellas?
CIT / CAL: E eu que sei.
EMPERADOR: Como?!
CIT/ CAL: Que que che aconsello?
EMPERADOR: Si.
CIT/ CAL: Sobre que?
EMPERADOR: Sobre que vai ser? Sobre o que estamos a falar.
CIT/ CAL: Poisss ... agora non se me acorre reno
EMPERADOR: Moi ben, pero como non se che ocorra nada en dous segundos arrebólote a ti tamén á maseira dos crocodilos.
CIT/ CAL: (Con medo.) Dos crocodilos?
EMPERADOR: Si, dos crocodilos, para que coman en ti, para que rachen na túa carne cos seus dentes afiados coma coitelos, para que morras amado, esnaquizado, e o teu sangue se mesture coa baballa deses animais.
CIT/ CAL: *(Aterrorizado e recitando de corrido, só coas pausas indicadas para respirar.)* Eu coido que tendo en conta todos os feitos escoitados visto o visto e considerado o considerado e deixando dunha banda as incoherencias dificultades e demais erros do asunto o obxectivo prioritario e cuestión capital é disuadir á Carmiñae do seu namoramento polo Manolitus ou viceversa (Pausa para respirar.) cousa que sospeito non será moi doada aínda que tendo en conta a turbamulta de precedentes anteriores e o perentorio do caso podería resultar efectivo que amoreando, Emperador, os teus máis sanguinarios instintos e costumes por outra banda localizados na túa persoa abondo a flor de pel *(Colle aire de novo.)* ordenases que pechasen os dous namorados en cárceres separados polo menos durante medio ano non dándolles outra cousa de comer nin de beber máis ca olivas secas e augarrás. Dixen! *(Desmáiase.)*
EMPERADOR: Boa idea. Soldados!, xa oístes o que tedes que facer, levádeme estes dous á cadea. *Os soldados lévanos.*
CARMIÑAE: Pero papá ... que son a túa filla!
EMPERADOR: Pensáralo antes de te namorar.

(Ata aquí os retrincos seleccionados)

As dúas estudosas da dramaturxia clásica romana (Lía Andrés e Pilar Iglesias) fannos saber que atoparon uns manuscritos nun castro que conteñen unha obra da época imperial e que van tentar representala para todos nós. Aquí preséntannos ao escravo (Israel da Silva) e ao sabio Citrón (Nicolás Conde).

Os ladróns Catulo e Caleno artellan como poder roubarlle o medallón ao emperador, porque, segundo se di, o que teña o medallón será o dono e señor de todo o imperio.



En toda comedia que se prece, ten que haber unha parella de namorados e esta compóñena Manolitus (Noel González), fillo da comerciante máis rica do imperio e Carmiñae (Lucía Rodríguez), filla do mesmísimo emperador. Por suposto o seu amor está prohibido. Na fotografía central, os soldados (Samuel Lemos e Miriam Vila) están fartos de buscar por todo o monte os namorados para levalos ante o emperador.

Finalmente píllanos coas mans na masa e condúcenos cara o pazo imperial. Manolitus parece un pouco inquedo, por unha razón inconfesable.

Mentres, no pazo imperial, o sabio Citrón escoita aborrecido os versos que compuxo o Emperador (o seu papel, por un problema de última hora dun dos actores, tivo que ser asumido pola profesora Raquel Castro).

Distintas imaxes da representación da obra O achado do Castro. A secuencia dos acontecementos é a seguinte: Catulo e Caleno (Iván Gómez e José Fernando Iglesias) conseguen suplantar o sabio Citrón, sen que o emperador se decate. Chegan os prisioneiros ao pazo. O emperador pídelle consello ao falso sabio, que non atina que dicir e cae desmaiado. O escravo descobre as intencións de Catulo e Caleno e quere que repartan o botín con el.

Remate da representación. O elenco de actores e actrices saúda ao público.

Finalmente o emperador consente na relación entre Manolitus e Carmiñae.